

ACORDOS DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA E BIOPROCESOS DO DÍA 7 DE XUÑO DE 2021

Héctor Rodríguez Martínez, coordinador do Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos da Universidade de Santiago de Compostela,

INFORMO que a Comisión Académica do Máster, na súa reunión ordinaria do día 7 de xuño de 2021, chegou ós seguintes acordos:

- Aprobación da acta da reunión da Comisión de data 7-4-2021.
- Ratificación de aprobación, efectuada anteriormente polo procedemento de urxencia, do calendario de exames de segunda oportunidade para o curso 2021-2022.
- Ratificación de aprobación, efectuada anteriormente polo procedemento de urxencia, do documento “Informe anual de resultados” do curso 2019-2020.
- Ratificación de aprobación, efectuada anteriormente polo procedemento de urxencia, da incorporación dunha cotitora nun TFM en curso.
- Ratificación de aprobación, efectuada anteriormente polo procedemento de urxencia, da celebración das defensas restantes de TFM do curso 2020-2021 en modalidade presencial.
- Aprobación das programacións docentes das materias do MEQB para o curso 2021-2022.
- Modificación de horarios do curso 2021-2022 (módulos 1, 2 e 4).
- Acordo de que, só no caso de que non se dean conseguido suficientes prazas de prácticas en empresas nun ano dado, se acuda ós grupos de investigación para incorporar na listaxe as prazas que estes oferten.
- Modificación do título dun TFM en curso.
- Aprobación do calendario de entrega e defensa de TFM para o curso 2021-2022.
- Modificación do modelo de proposta de TFM (anexo II da normativa interna de TFM do MEQB) e dos modelos de informes de avaliación de TFM de empresa e de TFM académico.

E para que así conste, asino o presente documento en Santiago de Compostela.

Héctor Rodríguez Martínez